



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR:** Casa do Concello

**DATA:** 26 de novembro de 2014

**HORA DE COMEZO:** 20.10 horas

**HORA DE REMATE:** 22.00 horas

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Jesús Neira Varela  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria-interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación do POS 2015**
- 3. Aprobación tarifas e regulamento do uso do tanatorio de Camporrapado**
- 4. Modificación ordenanza reguladora prezos pola realización de traballos de limpeza de montes**
- 5. Aprobación da ordenanza reguladora da prestación de alimentos**
- 6. Informe sobre o cumprimento prazos para o pagos das obrigas**

7. Adhesión á plataforma electrónica FACE “punto xeral de entrada de facturas electrónicas”.
8. Adhesión o convenio subscrito entre a Xefatura Central de Tráfico e a FEMP
9. Aprobación catálogo de condicións que rexerán na promoción turística
10. Presuposto xeral municipal 2015
11. Información da Alcaldía
12. Mocións número 14/2124, número 14/2125 e número 14/2126 presentadas polos concelleiros Perfecto Barcala Mosquera e Xabier Canabal Fernández e moción número 14/2147 presentada polo PS de G
13. Rogos e Preguntas.

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 25 de setembro de 2014.

### **2.Aprobación do POS 2015**

Neste intre, cando son as 20.15 h. chega a concelleira dona Sonia Rodríguez Midón.

Con data 19 de setembro de 2014 ten entrada no rexistro municipal a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – POS 2015, na que asignan para este concello a cantidade de 212.218,40 euros.

A súa tramitación, como o pasado ano, é de xeito telemático a través da plataforma que a Deputación pon á disposición das distintas entidades. O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 1 de decembro de 2014 ás 14.00 horas.

A novidade deste ano é que o concello destinará necesariamente o 60% da cantidade que se lle asigna ó financiamento de obras e subministros e o 40% restante poderá destinalo ben á realización de máis obras ou subministros ou ben ó financiamento de gastos correntes ou á amortización anticipada de débeda.

Polo tanto, este concello destinará a cantidade de 127.331,04 euros a obras e a cantidade restante, 84.887,36 euros será para gastos correntes, en concreto o pagamento do gasto do alumado público.

A continuación o señor Canabal di :

“Como todos os anos preséntanse obras ao POS de moi escasa contía (o mínimo que estipulan as bases do POS para este ano, ou o que é o mesmo, detraemos o máximo posible para gastos correntes); e ademais disto, presentamos obras consistentes en arranxos moi menores en seis puntos concretos do concello, como a continuación veremos.

### **Cantidade do POS:**

<u>POS 2015</u>	<u>CANTIDADES</u>	<u>%</u>	<u>% MAX BASES</u>
OBRAS	127.331,04 €	60,00%	60%
GASTOS CORRENTES (ALUMEADO PÚBLICO)	84.887,36 €	40,00%	40%
<b>TOTAL</b>	<b>212.218,40 €</b>		

E as obras que propoñen este ano ao POS son:

POS 2015						ORZAMEN
	OBRA	L	A	CARACT	OUTROS	TO
1	CAMIÑO IGREXA LESTEDO A CENTRO INTERPRETACIÓN	500	4	AGLOMERADO QUENTE	SENDA 150 M FORMIGÓN	29.857,75 €
2	CAMIÑO CASTRO DE ABAIXO - NOENTE	1.300	3,5	REBACHEOS	10%	2.730,00 €
3	CAMIÑO PAPETE - FÁBRICA SANTOS	200	4,5	AGLOMERADO QUENTE		7.831,20 €
4	CAMIÑO DESEIRO DE ABAIXO - RUBIAL	1.200	3,5	REBACHEOS	20%	7.380,00 €
5	CAMIÑO AC-960 - SENANDE	600	3,5	ASFALTADO		15.533,66 €
6	AFIRMADO SOBREANCHOS LOUREDA - LIM SANTIAGO	1.700	4,0	ASFALTADO	AMPLIACIÓN ATA 5 M	24.199,02 €
7	VARIOS - XESTIÓN RESÍDUOS					898,84 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL						88.430,47 €
		13,00%		GASTOS XERAIS		11.495,96 €
		6,00%		BENEFICIO INDUSTRIAL		5.305,83 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN						105.232,26 €
		21,00%		IVE		22.098,77 €
TOTAL ORZAMENTO						127.331,03 €

Pouco máis pode dicirse sobre a entidade das obras. Á vista do cadro queda máis que claro.

Outros anos teño dito, neste mesmo debate, que entendo pola situación económica pola que se está a atravesar e mesmamente tamén entendo a necesidade de facer acopio de recursos do POS para a prestación de servizos. Mais a situación, dende o meu punto de vista é extrema, e así se reflicte nos pobres orzamentos que vostedes van sacar adiante, previsiblemente en solitario.

Por outro lado, e tamén o teño dito, a vostedes, ao grupo de goberno, tráeos sen coidado que votemos a favor ou en contra. Falta o primeiro día que vostedes nos convoquen para tentar consensuar obras, ou establecer algún criterio. Só nos convocan cando algún asunto lle queima nas mans.

Queda pois xustificado o voto negativo ao raquíptico Plan de Obras que presentan para o vindeiro ano.

A continuación o señor Barcala di que se destina o 40% para gastos correntes, concretamente este ano dedicado ó consumo enerxético (84.887,36 €) e o 60% para obras, fundamentalmente rebacheo de pistas e limpeza de cunetas (127.331,04 €).

En canto ós criterios, segue dicindo o señor Barcala, téñense en conta:

- Urxencia
- Número de persoas beneficiadas e
- Calidade e necesidade do servizo.

Sen embargo, deberíaselle engadir unha orde de prioridades posto que sabemos que necesidades hai moitas, pero a tenor do que se ven deixando de facer estes anos por mor

da crise, en mantemento e conservación de pistas e camiños, cabe máis que nunca establecer un orde real de prioridades vendo o transcorrer dun verán moi duro e un outono atípico pola cantidade de auga caída e sen comezar o inverno coas cunetas sen limpar e cheas de maleza, o que nos espera non vai ser nada bo. Algún día, quizás outras persoas, conten cos concelleiros da oposición para que lle transmitan os seus coñecementos das necesidades dos veciños, que modestamente, algo saberemos porque entre eles vivimos e con eles falamos e por eles nos preocupamos.

En canto á cantidade destinada deste POS ó financiamento de gastos correntes ( 84.887,36 €) teño que manifestar (segue dicindo o señor Barcala) que algún día despois das reiteradas peticións feitas por este concelleiro, teremos que propoñernos que imos facer co consumo enerxético do alumado público, incrementado ano a ano a pesares da cantidade de plans de aforro e eficiencia enerxética feitos co seu correspondente custo económico para as maltreitas arcas do concello.

Este é un dos innumerables problemas que o equipo de goberno do PP de Boqueixón, é incapaz de solucionar. Eu daríalle unha solución ( segue dicindo o señor Barcala): controlen vostedes os farois que non son necesarios e sobre todo, supriman os farois particulares conectados ó alumado público e xa verán como baixa o recibo do consumo enerxético.

Pregúntalle o señor alcalde se non lle agradan as obras que se propoñen no POS.

Responde o señor Barcala que, por exemplo, Oural non ten ningún aglomerado .

Dille o alcalde que pida para todo o concello.

Responde o señor Barcala que xa o fai, pero que na súa zona non existe aglomerado.

Di o señor Canabal que en Sucira tampouco, ao que di o señor Barcala que aí sí hai algo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e do concelleiro non adscrito acórdase:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A ) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Camiño igrexa Lestedo a centro interpretación e outros	127.331,04	-	127.331,04

<b>SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIONES</b>	127.331,04	-	127.331,04
---	------------	---	------------

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B ) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	<b>Deputación</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	84.887,36
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA</b>	84.887,36

C ) Resumo:

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIONES	127.331,04	-	127.331,04
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	84.887,36		84.887,36
<b>T O T A L</b>	212.218,40		212.218,40

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Presuposto</b>
<b>TOTAIS</b>	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que vai a tramitar a correspondente autorización ó organismo autonómico competente.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que

existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### **3.Aprobación tarifas e regulamento do uso do tanatorio de Camporrapado**

Na Xunta de Goberno do día 3 de xullo de 2014, concedeuse a licenza municipal de apertura para o inicio da actividade dun tanatorio emprazado na planta baixa da Casa de Cultura de Camporrapado, á empresa Funeraria Casablanca, SL.

Con anterioridade, concretamente o día 4 de abril de 2013, esta entidade asinou coa empresa anteriormente citada, o contrato de concesión do uso privativo do dominio público para a instalación, explotación e mantemento dun tanatorio – velorio na planta baixa do local social de Camporrapado.

Nos pregos que rexeron dito contrato, especificábase na cláusula 10 das obrigas do concesionario, o establecemento dun regulamento interno do uso do centro para o conxunto dos usuarios, o que deberá ser previamente aprobado polo concello.

Tamén na cláusula 13, Financiamento, dise que o concesionario, antes de iniciar a actividade remitirá ó concello a relación dos servizos e tarifas que se cobrarán ós usuarios.

Con data 21 de agosto, solicítaselle a documentación anteriormente sinalada e o día 22 de setembro, a empresa presenta no rexistro municipal os documentos ( rexistro 14/1728)

O señor Canabal di o seguinte: “Van vostedes camiño de culminarse co “Tanatorio Cultural”.

Primeiro por todo o que xa teño dito neste pleno, entre elas, incumplir de forma clara as bases dos pregos que vostedes mesmo aprobaron.

E voltan a hoxe a incumplir os pregos, e como son tan ousados, explicítano na propia proposición. Dise na proposición que se especificaba na cláusula 10 das obrigas do concesionario, *“o establecemento dun regulamento interno do uso do centro para o conxunto dos usuarios, o que deberá ser previamente aprobado polo concello”*.

Ademais, seguen dicindo *“Tamén na cláusula 13, Financiamento, dise que o concesionario, antes de iniciar a actividade remitirá ao concello a relación dos servizos e tarifas que se cobrarán aos usuarios.”*

Pois ben, inauguran o tanatorio, está en actividade, e despois, cando vostedes o consideran oportuno, traen o punto ao pleno. Supoño que de momento non se cobrarían tarifas, posto que serían claramente ilegais.

Por outro lado, algo ao que vostedes están afeitos, é que sexan as empresas diten as normas ao Concello. Parece increíble que se aproben unhas tarifas sen ningunha outra referencia que a proposta da propia empresa.

É polo tanto que dende o meu punto de vista esta actuación raia en todos os aspectos a ilegalidade. Por iso temos presentado conxuntamente con veciños deste Concello un recurso contencioso ao fin de que se depuren as irregularidades que vostedes cometeron en todo o procedemento administrativo.

E no caso concreto das tarifas, non podemos consentir que sexan as empresas beneficiarias do servizo as que diten as normas. É por iso polo que tentaremos defender os intereses dos veciños, e non, como fan vostedes, defender a conta de explotación das empresas concesionarias.”

O señor Barcala di que a Xunta de Goberno do 3 de xullo de 2014 concede licenza municipal de apertura para o inicio da actividade, según contrato de concesión do uso privativo do dominio público para a instalación, explotación e mantemento dun tanatorio-velorio na planta baixa da casa da cultura de Camporrapado.

Con estas premisas, teño que manifestar (di o señor Barcala) que despois de medio ano de uso deste tanatorio, traen ó Pleno o presente regulamento. Este non é un regulamento feito polo concello, nin copiado doutros concellos, senón que foi feito pola empresa concesionaria e que nos pretenden impoñer sen outra alternativa.

A concelleira, dona Raquel García Fraga di que as tarifas do tanatorio de Santiago son as mesmas.

O señor Canabal pregunta ¿que pasaría se as tarifas ascenderan a 5.000 €?, e di que o concello deber ter uns criterios obxectivos.

O señor Barcala pregunta por qué o concello se demorou seis meses e o señor Canabal pregunta que ocorreu cos óbitos anteriores.

O señor alcalde responde que poden presentar alegacións se creen que está incompleto.

Procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do representante do PS de G –PSOE e do concelleiro non adscrito, acórdase:

1 Aprobar o seguinte Regulamento interno sobre as condicións de uso do tanatorio municipal, que a continuación se transcribe literalmente:

## REGULAMENTO INTERNO DO USO DO TANATORIO MUNICIPAL

### ARTIGO 1 – OBXECTO

E obxecto deste regulamento a regulación do funcionamento do uso do tanatorio municipal situado na Casa da Cultura de Camporrapado

### ARTIGO 2 – HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO

O servizo de Tanatorio estará dispoñible as 24 horas do día, durante todo o ano.

## ARTIGO 3 –DEREITOS DOS USUARIOS

A . Os usuarios dispoñen de todos aqueles dereitos derivados como consecuencia dos dereitos e obrigas legais ou regulamentarias do concesionario, Funeraria Casablanca, SL

B. Na recepción do tanatorio porase a disposición do público o contido de todos os servizos que se prestan, con indicación detallada das tarifas, prezos vixentes e demais elementos que os constitúan.

C. Funeraria Casablanca, SL , como empresa concesionaria, deberá ter a disposición do público un libro de reclamacións. Este libro estará a disposición das autoridades competentes.

## ARTIGO 4 – ACCESO ÁS DEPENDENCIAS DO TANATORIO

A . En cada zona do tanatorio desenvolveranse as funcións propias do mesmo. Dependendo da actividade que se desenvolva en cada zona, o acceso do público e/ou persoal que non pertenza á empresa que xestiona o tanatorio, será limitado total ou parcialmente.

B. Estableceranse accesos específicos para o persoal e vehículos funerarios de modo que os féretros ou demais bens sexan transportados directamente ós túmulos e demais zonas de acceso restrinxido unicamente polo persoal da empresa concesionaria.

## ARTIGO 5 – TIPOS DE SERVICIOS

As instalacións do tanatorio municipal permiten a realización de servizos de velorio, tanatopraxia e conservación de cadáveres en neveira, prestándose cada un deles na zona habilitada para o efecto.

## ARTIGO 6 – PRESTACIÓNS DE SERVICIOS

**A** As solicitudes de prestación de servizos, formuladas de acordo coas condicións de funcionamento establecidas, serán atendidas polo orden en que se produzan e no prazo que permita a capacidade das instalacións.

**B** O acondicionamento e tratamento sanitario dos cadáveres será realizado polo concesionario, Funeraria Casablanca, SL, de conformidade co previsto na normativa vixente que resulte de aplicación.

**C** O responsable da concesionaria, Funeraria Casablanca, SL poderá esixir ás empresas funerarias que presten os servizos o cumprimento da lexislación vixente no que respecta á exposición de cadáveres na sala velorio.

**D** Salvo autorización da concesionaria, non se permitirá o uso de elementos externos do mobiliario subministrados por parte de empresas externas, en calquera caso o uso de elementos adicionais será subministrado por parte da concesionaria.

## ARTIGO 7 – SOLICITUDE PARA O USO DOS SERVICIOS

A. A solicitude para o uso dos servizos que ofrece o tanatorio deberá solicitarse a Funeraria Casablanca, SL, na recepción do tanatorio ou por teléfono.

B. Si unha vez concertado o servizo se solicitara a ampliación da súa duración, esta será atendida na medida que permita a dispoñibilidade das salas do velorio.



## ARTIGO 8 – PERÍODOS DE USO

A. A utilización do servizo das salas do velorio efectuarase por un período mínimo de 24 horas, podendo utilizarse horas adicionais mediante a realización da solicitude oportuna. O período contabilizarase desde a reserva efectiva da sala.

B. A utilización do servizo de neveira efectuarase por horas

## ARTIGO 9 – LIMPEZA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

A. Ó remate de cada servizo, as salas serán obxecto, de xeito inmediato, da limpeza e preparación necesaria para a súa nova utilización.

B. Os arranxos florais que con motivo da prestación do servizo fúnebre se adquiriran, serán colocados dentro do túmulo unicamente polo persoal de Funeraria Casablanca, SL. Ó mesmo tempo, si estes arranxos non fosen retirados posteriormente polos familiares ou persoas designadas a tal efecto e quedasen en depósito da concesionaria, serán destruídas segundo a normativa vixente.

## ARTIGO 10 – RESPONSABILIDADE DAS EMPRESAS FUNERARIAS

Será responsabilidade destas o arranxo do cadáver, a limpeza e presentación da arca fúnebre así como a condución do cadáver ata a entrada ás instalacións do tanatorio.

2. Aprobado a relación de tarifas e servizos que o concesionario cobrará ós usuarios pola prestación dos servizos, que a continuación se transcribe literalmente:

ANEXO 1: Tarifas dos servizos prestados no tanatorio municipal

TIPO DE SERVIZO	PREZO
Uso da sala velorio (24 h)	480 euros
Horas a partires das 24 h	10 euros/hora
Sala de preparación	120 euros
Servizo de neveira	10 euros/hora

- A todos os servizos aplicaráselle o 21% de IVE

3. Comunicar este acordo á empresa que deberá ter exposto en lugar visible, tanto as tarifas como o regulamento.

4. Expoñer ó público, no taboleiro de anuncios e na páxina web os dous documentos aprobados nesta sesión plenaria.

### **4. Modificación ordenanza reguladora prezos pola realización de traballos de limpeza de montes**

O Pleno do Concello de Boqueixón, na sesión que tivo lugar o 9 de xullo de 2008 aprobou a ordenanza de prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ó seu mantemento.

Dita ordenanza regula no seu artigo 8, a tarifa a aplicar que actualmente é a seguinte:

Tipo de roza	Prezo hectárea (10.000 m <sup>2</sup> )	Prezo por m <sup>2</sup>
Manual	800 €	0,10 €
Mecanizada	288 €	0,05 €

O concello de Boqueixón realiza numerosas valoracións de custos de traballos de execución subsidiaria de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados o seu mantemento, naqueles casos nos que os citados propietarios e titulares obrigados non efectúan a limpeza, unha vez feito o oportuno requirimento.

Tendo en conta os incrementos que desde os últimos anos se veñen producindo nos prezos da man de obra, seguros sociais, seguros de responsabilidade civil, maquinaria variada (tractores, desbrozadoras...) e que a tarifa a aplicar é realmente baixa, e tendo en conta así mesmo que o informe de Secretaría-Intervención indica que a aprobación dos prezos públicos corresponde ao Pleno da corporación sen prexuízo da súa delegación na Comisión de Goberno e que para o seu establecemento non é esixible o informe técnico económico no que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do seu importe total ou parcial.

O señor Canabal di que “Traen o pleno, e como sempre, a proposta de incremento dunha ordenanza, sen ningún tipo de xustificación agás a de xeneralidades, a de que os prezos son moi baixos, mais non se xustifica o custo real dende a posta en marcha no 2008. Non especifican, por exemplo, cal foi a media de custo por hectárea nos últimos anos. E non é tan difícil (custos / total de hectáreas) = custo por hectárea.

Aparte disto, e tamén o hai que dicir, empregan vostedes dentro destas xeneralidades, falsidades tales como o incremento dos custos da man de obra (onde viven vostedes?) seguros sociais e de responsabilidade civil, maquinaria...  
Respondan á pregunta: saben cal é o custo por hectárea?

#### ORDENANZA PREZOS TRABALLOS LIMPEZA

	ORDENANZA 2008		ORDENANZA 2014		INCREMENTO	
	€/Ha	€/m2	€/Ha	€/m2	€/Ha	€/m2
MANUAL	800,00 €	0,10 €	2.000,00 €	0,60 €	150%	500%
MECANIZADA	288,00 €	0,05 €	1.000,00 €	0,60 €	247%	1100%

É dicir, vostedes propoñen unha suba de ata o 1100 % (é dicir, propoñen multiplicar en algún caso por 12) (deixo o cadro explicativo), sen outra xustificación máis que as xeneralidades e sen saber os concelleiros que van tomar esta decisión, de que custos reais estamos falando.

Certamente, paréceme unha proposta arriscada de tomar, tanto dende o punto de vista político, como tamén técnico, se non vai avalada de ningún dato económico máis.

O concelleiro, señor Santasmarinas Devesa di que xeralmente faise o cobro por horas, e por isto sería mellor poñer 30 €/hora para a roza manual e 60 €/hora para a mecanizada.

É aceptada por unanimidade esta proposta e consecuentemente modifícase a proposta da alcaldía, e por unanimidade acórdase:

1. Modificar o artigo 7, no senso de engadir o seguinte parágrafo:

*Bonificacións e exencións:* Cando existan razóns de carácter social, benéfico, cultural ou de interese público que así o aconsellen, gozarán de bonificación ou de exención do pagamento da obriga, aqueles propietarios de terreos nos que se realicen os traballos de limpeza de forma subsidiaria e así se acredite previo informe presentado polo departamento de Servizos Sociais.

2. Modificar o artigo 8 da ordenanza prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ó seu mantemento, no senso de incrementar a tarifa a aplicar que será:

a)

<b>Tipo de roza</b>	<b>Prezo</b>
Manual	30 €/hora
Mecanizada	60 €/hora

b) O cómputo da hora iniciárase no momento da saída da base de protección civil, situada no Forte, fronte o concello e finaliza no intre de chegada á mesma base.

2.- Expoñer ao público durante 30 días este acordo mediante publicación no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello, aos efectos de presentación de posibles reclamacións.

3. Delegar na Xunta de Goberno as posteriores aprobacións/modificacións dos prezos públicos pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ó seu mantemento.

4.- De non presentarse reclamacións considerala definitivamente aprobada

## **5.Aprobación da ordenanza reguladora da prestación de alimentos**

Dáse conta da ordenanza reguladora da prestación de alimentos procedentes do plan de axudas ás persoas máis desfavorecidas, elaborada pola traballadora social do concello.

A continuación o señor Canabal di: “Vemos que a moción que presentamos o pasado 18 de novembro de 2014 o Sr. Barcala e eu mesmo sobre a aprobación da ordenanza de prestación de alimentos tivo o seu efecto.

Non poderían vostedes soportar que foran os dous concelleiros que están na oposición os que lle marcaran a necesidade de elaborar unha ordenanza. Entón, pois moi rapidamente presentan a este Pleno a ordenanza con tanta premura que nin lle deu tempo a elaborar proposta da alcaldía na aprobación deste punto. Mais pola miña parte, non vou facer máis comentarios salvo a que celebramos que se aprobe esta ordenanza, que ademais coinciden cos criterios que propoñíamos na moción que presentamos.

O que me chama poderosamente a atención é o informe elaborado pola traballadora social e que se incorpora ao presente punto, no cal xustifica claramente o que

mantiñamos na nosa moción, é dicir: A falta de motivación e arbitrariedade no reparto destes alimentos.

É por iso, que vendo este informe, quixera saber se se unha vez aprobada a ordenanza o equipo de goberno, xunto cos servizos sociais deste concello, van realizar a correspondente regularización dos expedientes, de cara a promover os criterios igualitarios para todas as persoas solicitantes e beneficiarias. E concretar esta regularización dos expedientes; cando?”.

O señor alcalde responde que si se vai facer e que e canto á ordenanza, esta xa estaba elaborada e preparada para presentar a este pleno moito antes de que o señor Canabal presentara a moción.

Sen máis por unanimidade acórdase:

1. Aprobar a seguinte ordenanza:

## **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DE ALIMENTOS PROCEDENTES DO PLAN DE AXUDA ÁS PERSOAS MÁIS DESFAVORECIDAS**

### **1. Xustificación**

O Concello de Boqueixón participa anualmente no reparto de alimentos procedentes do Plan nacional de axuda ás persoas máis desfavorecidas, en colaboración coa Cruz Roja Española.

### **2. Obxecto e finalidade**

O obxecto desta ordenanza é regular o procedemento de concesión dos alimentos procedentes do Plan de axuda ás persoas máis desfavorecidas no Concello de Boqueixón, de cara a garantir que se beneficien desta prestación as persoas que se atopen nunha situación de precariedade económica.

### **3. Persoas beneficiarias**

Poderán beneficiarse desta axuda aquelas persoas ou unidades familiares do Concello de Boqueixón con dificultades para a cobertura da necesidade básica de alimentación, sempre e cando reúnan os requisitos establecidos no seguinte artigo.

### **4. Requisitos das persoas solicitantes**

1. Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no Concello de Boqueixón.
2. Non ter recibido axudas económicas para a mesma finalidade por calquera administración pública.
3. Que a unidade de convivencia non dispoña de ingresos suficientes para poder facer fronte a gastos de alimentación básica, segundo os límites establecidos\* na seguinte táboa:

<b>Membros convivencia</b>	<b>unidade</b>	<b>Contías familiar</b>	<b>complemento</b>	<b>Contías totais</b>
Solicitante				399,38

1	63,90	463,28
2	117,15	516,53
3	159,75	559,13
4	202,35	601,73
5	244,95	644,53
6	287,55	686,93
7	330,45	729,53
8	372,75	772,13
9	415,35	814,73

\* Baremo calculado tomando como referencia o 75% do importe mensual do IPREM 2014, máis un incremento progresivo en función do número de membros do fogar:

- 12% do importe mensual do IPREM polo primeiro membro adicional.
- 10% do importe mensual do IPREM polo segundo.
- 8% do importe mensual do IPREM por cada un dos restantes membros.

Computarase o número de membros que aparezan no certificado de convivencia.

Considéranse ingresos económicos todos aqueles obtidos pola suma de todos os membros da unidade familiar de convivencia en concepto de salarios, rendas, pensións e prestacións económicas, agás:

- as prestacións por fillo a cargo para menores de 18 anos.
- as libranzas para coidados no contorno familiar.
- os complementos de axuda por terceira persoa (da pensión de gran invalidez do INSS, da PNC, PF maiores de 18 anos, LISMI).

Teranse en conta os ingresos dos que dispoña a unidade familiar de convivencia nos tres meses anteriores á data de solicitude.

Serán deducibles dos ingresos mensuais, ata un máximo de 350 €:

- o custo dos gastos de alugueiro ou compra da vivenda habitual.
- os gastos fixos relacionados coas subministracións de electricidade, auga e gas.
- os gastos médicos de carácter regular.

4. Non ter propiedades ou usufrutos de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto desta axuda.

Cumpridos os requisitos anteriores, terán prioridade aquelas persoas ou unidades de convivencia nas que existan problemáticas asociadas, tecnicamente valoradas pola traballadora social e que supoñan situacións de especial vulnerabilidade, e/ou aquelas que estean afectadas por situacións de risco de exclusión social.

## 5. Iniciación do procedemento

O procedemento iniciarase coa presentación da solicitude (anexo I) por parte da persoa interesada no Rexistro Xeral do Concello, acompañada da seguinte documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

- a) fotocopia do DNI/NIE ou do libro de familia se é o caso.
- b) certificado de empadronamento e convivencia.

- c) tarxeta de demandante de emprego.
- d) xustificantes dos ingresos económicos dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
  - vida laboral
  - nóminas dos últimos 3 meses
  - certificado das prestacións por desemprego do Servizo Público de Emprego
  - resolución das prestacións económicas periódicas e non periódicas
  - calquera outra documentación que acredite ingresos económicos
  - declaración responsable da persoa solicitante ou membro da unidade familiar na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de ingresos
- e) xustificantes de pago de:
  - alugueiro ou crédito hipotecario
  - gastos de subministracións (electricidade, auga, gas...)
  - outros gastos extraordinarios e urxentes
- f) fotocopia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador, se existe.
- g) outros documentos específicos que sexan necesarios para a correcta valoración da solicitude.

As persoas beneficiarias que xa viñeran recibindo alimentos en anos anteriores deberán comunicar no departamento de servizos sociais calquera variación sobrevida que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción desta axuda.

## **6. Instrución do procedemento**

Darase traslado da solicitude ao departamento de servizos sociais, que procederá á comprobación dos datos proporcionados.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fíxese, darase por desistido da súa petición, previa resolución.

No procedemento de valoración, teranse en conta dous factores:

1. Valoración económica dos ingresos dispoñibles na unidade familiar, segundo o baremo.
2. Valoración social da necesidade, tendo en conta o contexto persoal, familiar e social das persoas solicitantes que determinen situacións especialmente vulnerables, susceptibles de prioridade na atención (familias monoparentais, familias con menores ao seu cargo, persoas con discapacidade, mulleres vítimas de violencia de xénero, etc.) Para esta valoración a traballadora social poderá solicitar a documentación que considere necesaria para o correcto diagnóstico da situación.

## **7. Resolución do procedemento**

Instruído o expediente, a traballadora social do departamento de servizos sociais elaborará o correspondente informe social, elevando a proposta ao órgano competente para a súa resolución.

A resolución notificaráselle á persoa solicitante.

## **8. Causas de extinción**

Serán causas de extinción do dereito a ser beneficiario/a do programa de alimentos as seguintes:

- non presentarse no día fixado polo servizo para a recollida dos alimentos sen xustificalo debidamente.
- non entregar a documentación necesaria para ser beneficiario/a do programa.
- non comunicar os cambios que afecten ao baremo.

## 9. Sistema de reparto

As datas para os repartos de alimentos así como a cantidade dos mesmos estará en función dos alimentos subministrados pola Cruz Roja Española e a súa periodicidade. Unha vez recibidos os alimentos o concello procederá á súa distribución en lotes, en función do número de persoas que conformen cada unidade familiar beneficiaria, así como das súas necesidades específicas (lactantes, menores, adultos con problemas de alimentación, etc).

Logo de ser elaborados os lotes, comunicaráselle por correo ás persoas beneficiarias o día, hora e lugar para recollelos.

A entrega dos alimentos efectuarase ás persoas solicitantes ou ben ás persoas autorizadas por estas para a recollida dos alimentos e recollerase a súa sinatura na nota de entrega de alimentos, da que se lle facilitará unha copia á persoa beneficiaria.

No caso de que a persoa beneficiaria non acuda á recollida dos alimentos na data fixada sen xustificación entenderase que renuncia á axuda e causará baixa no programa.

En casos excepcionais, para aquelas persoas usuarias que xustifiquen dificultades para desprazarse a recoller os alimentos, o concello proporcionarlle un medio de transporte (servizo de taxi), sempre e cando sexa posible segundo os recursos existentes.

## 10. Seguimento

O departamento de Servizos Sociais efectuará un seguimento anual do programa, podendo requirir ás persoas beneficiarias a documentación xustificativa do mantemento das condicións que motivaron a concesión desta axuda.

### ANEXO I: SOLICITUDE DE ALIMENTOS

#### 1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome		Apelidos	
DNI	Data de nacemento	Estado civil	
Enderezo			Municipio
Provincia	CP	Teléfono	

#### 2. UNIDADE DE CONVIVENCIA

Nº	Nome e apelidos	Parentesco	Idade	Estado civil	Ocupación
1	Solicitante				
2					
3					

### 3. SITUACIÓN ECONÓMICA

#### A) INGRESOS

Nº	Ingresos mensuais	Procedencia

#### B) GASTOS

Concepto	Contía mensual
Vivenda <input type="checkbox"/> propia <input type="checkbox"/> alugada <input type="checkbox"/> cedida	
Luz	
Gas	
Auga	
Outros:	

### 3. DECLARACIÓN

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos reflectidos nesta solicitude e quedo informado/a da obriga de comunicar ao Departamento de Servizos Sociais deste concello calquera variación sobrevida que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción desta axuda.

Boqueixón,                      de                      de 20  
Sinatura

Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Boqueixón

**2.** Expoñer ó público, no taboleiro de anuncios do concello e proceder coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **6. Informe sobre o cumprimento prazos para o pagos das obrigas**

A) Dáse conta do informe relativo ó cumprimento dos prazos no pago das obrigas, do cal se dan por enterados.

#### I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..



- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

## II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

*Entre el 1 de enero de 2014 y el 31 de diciembre de 2014, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.*

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2014 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	<b>Dentro do período legal de pago</b>	<b>Fora do período legal de pago</b>
<b>Número de pagos</b>	311	2
<b>Importe total</b>	429.875,99	524,58

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.  
( art. 4º.3 Lei 15/2010)

	<b>Dentro do período legal de pago</b>	<b>Fora do período legal de pago</b>
Número de pagos	0	0
Importe total	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación ( art. 5º.4 Lei 15/2010):

**Número de operacións: 0**  
**Importe total: 0**

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

### III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

B) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da entidade .

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados no trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
<b>Gastos en Bens Correntes e Servizos</b>	25,01	58,19	300	238.630,92	2	524,58
<b>Aplicados a Presuposto (Cap. 2) por artigos</b>	25,01	58,19	300	238.630,92	4	524,58
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación	25,16	64,00	90	139.144,53	1	435,00
22.- Material Subministro e Outros	24,86	30,00	203	98.737,52	1	89,58
23.- Indemnización por razón del servizo	15,98		7	747,87		
24.- Gasto de publicacións	0					
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0					
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0					
2.- Sen desagregar	0					

Pendientes de aplicar ao Presuposto						
<b>Inversións reais</b>	16,58	0	6	189.535,47	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	16,58	0	6	189.535,47	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto						
<b>Outros pagos realizados por operacións comerciais</b>	17,12	0	5	1709,50	0	0,00
Aplicados a Presuposto	17,12	0	5	1.709,60	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto						
<b>Sen desagregar</b>	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto						
Pendientes de aplicar a Presuposto						
<b>TOTAL pagos realizados en el trimestre</b>	<b>21,27</b>	<b>58,19</b>	<b>311</b>	<b>429.875,99</b>	<b>2</b>	<b>524,58</b>

Intereses de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servizos		
Inversións reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
<b>Total</b>	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final do trimestre			
			Dentro período legal pago a final do trimestre		Fora período legal pago a final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
<b>Gasto en Bens Corrientes e</b>						

<b>Servizos</b>						
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación						
22.- Material Subministro e Outros						
23.- Indemnización por razón do servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
<b>TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.</b>						

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
<b>Total</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>

## **7.Adhesión á plataforma electrónica FACE “punto xeral de entrada de facturas electrónicas”.**

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público, establece a obrigatoriedade de presentación de facturas electrónicas a partir do 15 de xaneiro de 2015 no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos das Administracións Públicas. Así mesmo, esta lei establece que as Administracións Públicas disporán dun “Punto Xeral de Entrada” de facturas electrónicas, a través da cal se recibirán tódalas facturas electrónicas.

Dende a Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dáselle ás administracións locais a posibilidade de adherirse á plataforma electrónica FACE “Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas”, en cuxa previsión xa se fixo a correspondente adaptación nas bases de execución do presuposto para o ano 2015, concretamente na número 27.

O señor Canabal di que: “En principio podó aceptar a adhesión.”

Por unanimidade acórdase:

1.- A adhesión do concello de Boqueixón ao Punto Xeral de Entrada de facturas electrónicas ( FACE)

2.- Aceptar as seguintes “Condições de Uso” da plataforma recollidas na Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establecen as condicións de uso da plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado:

a) Segundo o disposto na disposición adicional quinta da Lei 25/2013, de 27 de decembro, relativa á adhesión ao momento Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, as Administracións autonómicas e locais que queiran adherirse á utilización da plataforma FACE deberán aceptar e asinar, mediante unha firma electrónica avanzada de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de firma electrónica, o documento de adhesión ao momento Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado a través do portal electrónico establecido ao efecto no citado punto pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Mentres tanto, poderá accederse tamén a devandito documento de adhesión a través dos portais de Entidades Locais, Comunidades Autónomas e de Xestión Administrativa da Secretaría de Estado de Administracións Públicas así como naqueles portais que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas decida no futuro.

b) Manter actualizada a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas na plataforma FACE e a responsabilizarse da xestión das mesmas, de conformidade coa disposición adicional trixésima terceira do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

c) Facer un uso responsable da plataforma FACE adecuándose estritamente ás finalidades recollidas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura

electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, e na normativa que desta derivase, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da citada plataforma.

*Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra dos do PS de G e do concelleiro non adscrito informouse favorablemente o presuposto xeral municipal 2015”.*

Unha vez dada conta da acta da Comisión de Contas, o señor Canabal di o seguinte:

“Paradoxicamente, e un ano máis, este punto vén sen proposta, tan só coa acta da comisión de contas. Mais imaxino que quederán aprobar o orzamento que elaboraron, que foi sometido e modificado na comisión de contas.

Teño que confesarlle que cando chegamos a este debate, teño sempre a mesma tentación. Ou ben aproveitar para facer unha análise pormenorizada do orzamento, facendo un completo relatorio dos gastos e ingresos que conteñen, buscar as contradicións que neles se expresen, facer un relatorio de propostas normativas... é dicir, aburrir aos señores concelleiros ata a saciedade, ou ben ler exactamente a intervención do pasado ano (con cifras e todo) para tentar descubrir se vostedes se dan conta.

E postos a confesar, confésolle outra cousa de antemán: Ata para min resultan tediosos os monólogos que lle largo, posto que nunca entramos a debater. Tan só consigo “alporizar o poleiro”, cando me atrevo a entrar en cuestións valorativas, cando tento “definilos”.

Ben, pois como a aplicación práctica do presente debate é nula, posto que vostedes nos negan ano tras ano o debate neste punto, tentarei coa maior brevidade que poida, xustificar o meu voto negativo aos orzamentos. E xa advirto que non serei moi orixinal. Destacar para iniciar as catro ideas xerais que xa expresei na Comisión de Contas da pasada semana:

- **Primeira:** Os orzamentos seguen equilibrándose, polo incremento da presión fiscal. Presión fiscal que vén ano a ano incrementándose. Incremento do 15,50%

nos impostos directos; e aínda que as taxas marcan un descenso (8,80%), estas levan acumuladas incrementos do 46,77% superiores a cando iniciou o mandato.

- **Segunda:** Parellamente ao incremento da presión fiscal, as transferencias doutras administracións caen (un 4,26 % en correntes e un 46,77% as de capital). E en termos acumulativos destacamos que o esforzo inversor da Xunta e a Deputación en Boqueixón caen 810.000 Euros as transferencias correntes e 21.000 € as de capital.
- **Terceira:** Seguen a manterse as extremadamente caras externalizacións de servizos públicos, caso do abastecemento da auga e do saneamento, e tamén a de servizo de axuda a domicilio.
- **Cuarta:** Cada vez este concello conta con menos marxe de manobra para a elaboración dos seus orzamentos, polas políticas de gastos (e despilfarros) xeradas nos últimos anos. Deste xeito o aforro bruto estimado é de 92.727,13 € (no pasado ano era de 121.556 €), mentres que se lle descontamos a anualidade teórica de amortización do préstamo (52.782,16 €) queda un aforro neto de 39.944,97 € (no pasado ano fora de 56.000 €). Chamámen a atención que cos datos liquidables, normalmente, este dato é sempre menor.

Son as catro ideas fundamentais para oporse a estes orzamentos.

En canto á análise dalgunha das partidas tanto de ingresos e gastos quixer facer unha valoración xenérica nas seguintes.

En canto á análise de ingresos de gastos remítome ao todo o dito na Comisión de Contas e que non vou repetir.

Vou sen embargo tirar algunha conclusión.

Polo tanto, cando nunca hai respostas nun debate orzamentario, incluso para quen poida ter certo interese “profesional” en asuntos económicos, resúltalle tedioso realizar estes monólogos.

En fin, urxe darlle unha volta completa a este concello, urxe gobernar para os veciños e veciñas, antes de vermos ao enfermo morto por inanición.

Esta inanición deixase ás claras nos presentes orzamentos en forma de:

- Unha política de persoal claramente caótica.
- Unha política de investimentos escasa e deslavazada, dependente exclusivamente das esmolos doutras administracións.
- Unha política de externalización de servizos públicos xeralizada que nos leva a uns servizos públicos caros que teñen que pagar os veciños.
- Un incremento forte e moitas veces salvaxe da presión fiscal sen ter en conta a capacidade económica das familias. Nos últimos dous anos a presión fiscal dos veciños de Boqueixón viuse fortemente incrementada sen que os servizos que se prestan incrementaran a súa calidade. Os aumentos responden pois ás deficientes políticas de externalización de servizos que se levaron a cabo e non polo custo efectivo e eficiente do servizo público prestado.
- A redución das transferencias tanto correntes como de capital rexistradas nos últimos anos deixa aos concellos sen marxe e dependentes para poder abrir as súas portas de incrementar a presión fiscal aos nosos veciños.
- Un aforro neto (que é unha medida da marxe de manobra do concello) que se reduce ano a ano ata deixarnos unha situación no que os recursos deste concello non dean para pagar os seus propios custos de estrutura.

En fin, queda pois claro as grandes eivas que ten este orzamento froito das políticas seguidas nos últimos anos, e que tenden, máis cedo que tarde a baleirar de contidos os concellos para a súa posterior liquidación.

E no actual contexto, cunha poboación envellecida que vive das súas baixas pensións, os incrementos de impostos e taxas, o recorte no acceso aos servizos públicos, deixan a unha grande parte da poboación no limiar da pobreza. Iso é o que nos indican moitas das estatísticas.

E namentres todo isto pasa, os gobernos municipais están preocupados en (e á convocatoria do presente pleno me remito):

- Aproveitar todos os recursos posibles para o pago dos inxentes gastos correntes (Retracción de fondos do POS para pagar a luz – ao máximo posible).
- Aprobar ordenanzas impostas das empresas (Tanatorio Cultural).
- Incrementar taxas e prezos públicos (Ordenanza pola realización de traballos de limpeza nos montes).
- Adhesión a plataformas para a factura electrónica, e coa DXT.
- Ver como e quen se senta nas roldas de prensa (Promoción Turística).

E podemos analizar outros expedientes plenarios, e sacando as subas das ordenanzas, a contratación e algún “amaño” a empresas, moi pouco traballo e moi poucas iniciativas teñen vostedes traído a este plenario.

Por iso señores, a xente estase a cansar. Amosan pouca capacidade e manteñen un discurso rancio, cun cheiro insoportable a naftalina.

Por iso, non me estraña en absoluto que haxa quen “á modo de definición” os teñan clasificado como “casta”.

Eu de seguro que tería sido incluso algo descalificador na definición.”

O señor Barcala di que vistos estes presupostos para o 2015, en resumo obsérvase o seguinte:

- Diminución acusada, nas partidas fundamentais para os veciños, como son as de infraestruturas e mantementos de pistas e camiños.

- Aumento da factura do consumo eléctrico do alumeadado público, pese os numerosos plans feitos para aforro e eficiencia enerxética, co seu correspondente custo para o concello, que en vez de producir aforro no consumo, realmente a tenor das cifras o que fixeron foi incrementalo. Este ano en 5.000 € no consumo e 2.000 € no seu mantemento.

-Escasa atención o fomento de emprego. Un dos principais problemas dos veciños do noso concello, nesta época de crise.

-Incremento nos gastos de combustible e mantemento de maquinaria, a pesares de que a maior parte é nova, e pasa moito tempo parada a auga sen o máis mínimo interese en protexela das inclemencias meteorolóxicas.

-Analizando groso modo o que aquí se expón, dá a sensación de que estamos nun estado de abandono das cousas públicas, o único que interesa é o voto e manter os privilexios de algún a costa de outros. E o máis duro está por vir sobre todo na segunda metade do vindeiro ano cando, pasadas as eleccións haxa que enfrontarse a crúa realidade sen cartos.



-Seguimos coma sempre a depender das Administracións alleas o concello (Deputación e Xunta) para facer as escasas obras.

O alcalde respóndelle que xa no exercicio anterior lles propuxo que elaboraran uns presupostos e serían debatidos. Sen embargo non o fixeron. Segue dicindo o señor alcalde que son uns presupostos realistas, acordes coa situación real das administracións locais, en concreto e que o concello seguirá prestando todos os servizos que lle correspondan e máis.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do PS de G e do concelleiro non adscrito, acórdase:

1. Aprobar o presuposto xeral para o ano 2015 do que do seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

#### **ESTADO DE GASTOS**

<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>Euros</b>
<b>A/ Operacións Correntes</b>		
1	Gastos de persoal	1.197.756,33 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.099.070,54 €
3	Gastos Financeiros	12.400,00 €
4	Transferencias Correntes	33.500,00 €
<b>Total.....</b>		<b>2.342.726,87 €</b>
<b>B/ Operacións de Capital</b>		
6	Inversións Reais	383.737,01 €
7	Transferencias de capital	
8	Activos Financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos Financeiros	44.382,16 €
<b>Total.....</b>		<b>431.119,17 €</b>
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>		<b>2.773.846,04 €</b>

## ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
<b>A/ Operacións Correntes</b>		
1	Impostos directos	757.600,00 €
2	Impostos indirectos	12.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	319.200,00 €
4	Transferencias correntes	1.345.154,00 €
5	Ingresos patrimoniais	1.500,00 €
<b>Total.....</b>		<b>2.435.454,00 €</b>
<b>B/ Operacións de Capital</b>		
6	Alleamento de inversións reais	
7	Transferencias de capital	335.392,04 €
8	Activos financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos financeiros	
<b>Total.....</b>		<b>338.392,04 €</b>
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>		<b>2.773.846,04 €</b>

2. Aprobar as bases de execución do presuposto xeral ano 2015

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO DE PERSOAL 2015				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
<b>HABILITACIÓN NACIONAL</b>				
1	Secretaria	A-1	28	Propiedade
<b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>				
1	Administrativo	C-1	22	Vacante
5	Administrativos/as	C-1	22	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
<b>ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	24	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	24	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	24	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Ocupada interinamente
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	22	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
<b>LABORAL FIXO</b>				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade
1	Conserxe	A.P.		Propiedade
1	Condutor recolledor do lixo	C-2		Propiedade
3	1 Capataz de serv. e 2 oficiais serv.	C-2		Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P.		Propiedade
<b>LABORAL TEMPORAL</b>				
5	Operarios			
1	Dinamizador social			
1	Operario de limpeza			
1	Educadora Familiar			
1	Conserxe			
6	Traballadoras da Escola Infantil			
1	Secretaria xulgado de paz			

1	Psicóloga CIM			
1	Técnico Orientación laboral			
1	Auxiliar servizos sociais			
1	Axente desenvolv. local			
1	Directora CIM			
PERSOAL DE GOBERNO				
1	Alcalde			Dedicación exclusiva

## 11. Información da Alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 26/09/2014 ata o 21/11/2014, do que se dan por informados.

## 12. Mocións número 14/2124, número 14/2125 e número 14/2126 presentadas polos concelleiros Perfecto Barcala Mosquera e Xabier Canabal Fernández e moción número 14/2147 presentada polo PS de G

### A) Mocións número 14/2124 sobre a contratación do servizo de axuda no fogar á empresa SERMASA

**PRIMEIRO:** O Concello de Boqueixón presta o Servizo de Axuda no Fogar (SAD) mediante contrato de adxudicación á Empresa SERMASA, por Resolución da Alcaldía de 14 de marzo de 2012.

**SEGUNDO:** A Xunta de Goberno Local (XGL) aproba na súa sesión do 04/01/2012 o Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar de Boqueixón.

**TERCEIRO:** A Xunta de Goberno Local designa na súa sesión do 01/02/2012 un comité de expertas para a valoración da oferta técnica. Esta estaba formada por:

- Ana Aldrey Pereira (traballadora social do Concello de Vedra).
- María José Pereira Lareo (educadora familiar do Concello de Boqueixón).
- Carmen Pereiras Pérez (traballadora social do Concello de Boqueixón).

**CUARTO:** O 01/02/2012, e con número de entrada 12/255, a empresa SERMASA, rexistra a súa oferta no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón.

**QUINTO:** O 3 de febreiro, o comité de expertas nomeado pola Xunta de Goberno do 01/02/2012 realiza o informe de criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor e califican os sobres de Referencias Técnicas, documento que é entregado aos membros da Mesa de contratación o propio 07/02/2012, cando esta se reúne ao fin de abrir os Sobres coa oferta económica.

**SEXTO:** Atendendo aos criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor recollidos no punto 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar de Boqueixón (aprobado na XGL do 04/01/2012), este establece as seguintes puntuacións:

---

- Programa de explotación do servizo: 25 puntos.
    - Planificación e organización, xestión, metodoloxía, protocolos de actuación do servizo: 10 puntos.
    - Recursos humanos / equipo técnico: 5 puntos.
    - Recursos materiais: 5 puntos.
    - Plans de formación continua para o persoal: 5 puntos.
  - Melloras: 20 puntos.
    - Axudas técnicas: 5 puntos.
    - Bolsa de horas acompañamento (max. 150 h): 5 puntos.
    - Outras melloras: 10 puntos.
- 

**SÉTIMO:** Vendo a calificación dos sobres de Referencias Técnicas, do 3 de febreiro de 2012 e asinado polo comité de expertas, en relación a este último punto, ao de outras melloras técnicas temos as seguintes valoracións:

---

- Senes: 4 puntos.
  - Sermasa: 10 puntos.
  - Clece: 5 puntos.
  - Servital: 2 puntos.
  - Sociser: 5 puntos.
  - O Espertar: 0 puntos.
  - Saluvi: 0 puntos.
  - Xentes: 2,5 puntos.
  - Ulla Sar, SL: 2 puntos.
  - AXUDA, SCG: 0 puntos.
  - Bos Aires Galicia: 0 puntos.
  - Eulen: 2 puntos.
  - Bogar: 7 puntos.
- 

**OITAVO:** Vemos pois que a empresa SERMASA leva a máxima puntuación neste apartado, é dicir 10 puntos que represéntano 10% da valoración total do concurso e o 22,22% do total da oferta técnica valorada mediante xuízos subxectivos.

**NOVENO:** Facendo un repaso á oferta técnica presentada pola empresa SERMASA, no punto de melloras, oferta os seguintes servizos:

- Diversas axudas técnicas e instrumentos de apoio de cara a facilitar as actuacións que se leven a cabo nos domicilios (mobilizacións, cambios posturais, aseos...).
- SERMASA dotará ao Concello de Boqueixón: 5 camas articuladas con colchón, 3 guindastres, 4 cadeiras de rodas, 5 cadeiras xiratorias de baño, 5 andadores e 10 alzas de WC.
- SERMASA porá a disposición do SAD de Boqueixón unha bolsa de 150 horas para acompañamentos dos usuarios, realización de xestións, ou calquera outra necesidade que o Técnico Municipal considere oportuno.

- SERMASA contará cunha aplicación informática específica para a xestión do SAD.
- A coordinadora do servizo disporá de vehículo – turismo de empresa.
- SERMASA conta cunha bolsa de 100 horas para limpeza de choque, dirixidas a calquera necesidade do servizo, principalmente a domicilios nos que exista risco de exclusión social, ou unha limitación puntual para afrontar ditas limpeza.
- SERMASA pon a disposición dos usuarios 50 servizos gratuítos de perruquería.
- SERMASA contará cun programa de valoración fisioterapeuta para as auxiliares do SAD ao fin de que poidan ser valoradas por un fisioterapeuta colexiado ao fin de determinar e valorar posibles lesións e ofrecerlles pautas que preveñan dita situación.
- SERMASA contará cun teléfono as 24 horas do día os 365 días do ano e terminais para todos os traballadores ao fin de que estean localizables en calquera momento.
- SERMASA oferta como atención complementaria servizos de acompañamento en caso de ingresos hospitalarios de beneficiarios do SAD.
- SERMASA contará cun Departamento de Calidade e Atención ás familias co obxectivo de buscar solucións a todos os problemas que poidan aparecer no domicilio; este está formado por: 1 diplomado de enfermaría, 1 traballadora social, 1 psicólogo e unha terapeuta ocupacional. As funcións deste departamento veñen especificadas:
  - Asesoramento e intervención psicolóxica con familiares de persoas dependentes.
  - Organización de terapias familiares ou grupos de apoios.
  - Elaboración de trípticos informativos.
  - Servizo de Orientación en Recursos sociais ao fin de por a disposición do servizo información sobre os recursos existentes tanto públicos como privados e orientar sobre a idoneidade de cada un deles.
  - Realización de conferencias e charlas para o cal manterá unha reunión cos Técnicos Municipais para establecer as posibles temáticas a tratar durante o primeiro trimestre do ano.
  - Asesoramento en adaptacións funcionais mediante o Terapeuta Ocupacional do equipo interdisciplinar de SERMASA.
  - Deseño de trípticos informativos sobre o SAD.

Merece especial atención neste punto de melloras, o cadro técnico adscrito ao servizo que está conformado por un equipo interdisciplinar que abarca diversas áreas do ámbito social conformando unha mellora na estrutura xeral do servizo e permitindo abordar un abano de tarefas moito máis amplo e con máis puntos de vista xerando resultados de maior calidade e excelencia.

De modo máis explícito desenvólvense a continuación as implementacións de tarefas máis aló da prestación do SAD, de cada un das compoñentes do cadro técnico:

- Psicólogo: SERMASA conta no seu Equipo Técnico Interdisciplinar cun Psicólogo en disposición de prestar apoio técnico en relación co servizo así como colaborar co Departamento de Calidade e Atención ás Familias.
- Terapeuta ocupacional: SERMASA ten no seu Equipo Técnico a figura dun terapeuta ocupacional, para facilitar a información sobre axudas técnicas así como levar a cabo o Programa en Asesoramento en Adaptacións Funcionais.
- Responsable de calidade: Para facilitar a elaboración das plantillas de calidade, e a posta en marcha do Plan Interno de Calidade.

- Diplomada en enfermería: SERMASA conta no seu cadro de auxiliares ao menos cunha auxiliar con titulación de Diplomada en Enfermería, co que porá en marcha un Programa de Vixilancia e Educación Sanitaria, mediante este programa asesorarase e supervisarase dende a perspectiva sanitaria o traballo das auxiliares de axuda a domicilio. A ATS/DUE informará en todo momento sobre os temas relacionados coas condicións sanitarias dos beneficiarios do SAD Dependencia que requiran a coordinación dos centros de atención primaria. As funcións deste profesional son:
  - Apoio no seguimento de dietas especiais.
  - Formación e supervisión do traballo das auxiliares do SAD Dependencia.
  - Educación Sanitaria de beneficiarios e familias.
  - Realizará labores de supervisión e valoración de persoas dependentes.
- Auxiliares de axuda a domicilio especializadas en mobilizacións, Alzheimer e Discapacidade.
- Auxiliares de axuda a domicilio de ruta ou reforzo.

**DÉCIMO:** A contratación desta adxudicación foi incluída na operación que actualmente está instruindo a xuíza De Lara en Lugo e onde xa foron saíndo presuntas irregularidades na contratación.

Chama a atención, para os concelleiros que asinan a presente moción, e sen entrar noutras causas que están sendo investigadas pola propia xuíza, o apartado referido ás Melloras ofertadas pola Empresa e que foron valoradas nesta adxudicación. É máis, temos sospeitas fundadas de que a maioría dos servizos ofertados pola empresa non existen e polo tanto tampouco se levan a cabo. E de ser así, isto consistiría un incumprimento do contrato de prestación do servizo.

É por iso, que atendendo á Exposición de Motivos, os Concelleiros asinantes da Moción instan ao concello de Boqueixón a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** O Concello de Boqueixón auditará o servizo de axuda a domicilio, e comprobará que se cumpren todos os servizos ofertados pola empresa.

**Segundo:** O Concello de Boqueixón porá a disposición de todos os concelleiros da corporación a documentación acreditativa da empresa sobre o servizo de axuda a domicilio.

**Terceiro:** De detectarse algunha irregularidade, o Concello de Boqueixón iniciará os trámites para a resolución da adxudicación do servizo de axuda a domicilio.

O señor alcalde di que todo iso se controla desde o departamento de Servizos Sociais e que poden pedir todos os datos que precisen ver.

Por unanimidade aprobouse esta moción número 14/2124 presentada polos concelleiros Barcala e Canabal.

#### B) Moción número 14/2125

En canto a este apartado aclara o señor Canabal que en realidade non se trata dunha moción, senón dunha solicitude de inicio do expediente de revisión de oficio do acordo plenario de ampliación do contrato de abastecemento de auga a Espina&Delfín.

Por este motivo, este escrito que se reflicte como moción na orde do día retírase como tal, manténdose o escrito presentado como solicitude.

Consecuentemente e en referencia a tal solicitude, comunícaselle que se está pendente de recibir o informe da asesoría xurídica da Deputación Provincial que foi solicitado o 11 de novembro de 2014. Tan pronto se reciba dito informe, adoptarase o acordo que corresponda.

C) Moción número 14/2126, sobre a prestación de alimentos procedentes do plan de axuda ás persoas máis desfavorecidas.

Tendo en conta que este acordo xa foi adoptado nesta mesma sesión,( punto número 5 da orde do día) esta moción retírase.

D) Moción número 14/2147, contra a pobreza enerxética e pola protección dos consumidores vulnerables.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou ven obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socio - económicos son xa máis de 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz a final de mes, debendo dar prioridade ou a elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos riscos que iso comporta especialmente para as persoas con risco máis alto, como nenos, anciáns ou enfermos.

Fronte a este grave problema existen diferentes posicionamentos: mirar a outro lado, expor unha solución de conxuntura, ou adoptar medidas estruturais que remedien situacións dramáticas que poden ser evitadas con solidariedade e tamén coa lexislación. Lamentablemente, a dereita, como en outros moitos temas está na conxuntura.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer aos consumidores máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen aos consumidores máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar sen calefacción, a lexislación española limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Cremos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais inste ao Goberno de España a aprobar



unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Estimamos preciso que se considere e se legisle para que a subministración de enerxía sexa un dereito social básico, que os consumidores vulnerables accedan a unha tarifa social en función dos seus ingresos e non de mercado, e o máis importante, que non haxa cortes de subministración no inverno para aquelas persoas que se atopen en situación de pobreza enerxética, financiando a diferenza entre a tarifa social e o consumo real a través dos orzamentos xerais do Estado.

Entendemos que é preciso abordar a pobreza enerxética dentro dun contexto de ampliación de medidas estruturais, como son a mellora da eficiencia enerxética das vivendas vinculadas ás familias con máis dificultades, así como o apoio público á rehabilitación das vivendas que ocupen, coa finalidade de conseguir unha maior optimización dos recursos enerxéticos.

Ante todo cremos que o Goberno Galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do concello de Boqueixón presenta a seguinte MOCIÓN, para que o seu debate en pleno e conseguir os seguintes acordos:

O concello de Boqueixón insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.
  - 1.a. Esta liña de axudas desenvolveranse no ámbito das políticas de benestar social, máis alá da colaboración coa Consellería de Economía e Facenda, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema.
2. Demandar ao Goberno de España a que de forma inmediata presente no Congreso dos Deputados para o seu debate e aprobación un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.

Responde o señor alcalde que xa se está colaborando mediante as axudas sociais que se dan a través do departamento de Servizos Sociais.

O señor Barcala di que sí, pero se dan para outras cousas e responde a concelleira García Fraga que se lle dan para o que soliciten.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PSOE e do concelleiro non adscrito e en contra do PP, queda rexeitada a moción número 14/2147 presentada polo representante municipal do PS de G.

### **13.Rogos e Preguntas.**

O señor Canabal fai as seguintes PREGUNTAS:

1. Sobre a compra do RIDER

Subvención da Consellería de Presidencia para o proxecto denominado “Protección e conservación do Ambiente”.

Ofertas RIDER:

Na XGL de 18 de setembro invítanse a tres empresas:

- José Manuel Ruso Bello.
- Comercial Sánchez
- Agrícola Salgueiro, S.L.

Prezo:

- 9.851,22 €.

Características do RIDER para realizar a oferta:

- **Marca STIGA.**
- Modelo: Park Power Pro 4WD.
- Motor: BRIGGS STRATTON VANGUARD BICILINDRICO 20 HP (Kw.11,9).
- Transmisión: HIDROESTÁTICA CON TRACCIÓN ÁS 4 RODAS.
- Dirección: ARTICULADA SERVOASISTIDA.
- Corte: PLATAFORMA 110 cm.
- Altura de corte: REGULABLE.
- Velocidade: 11 km/h.
- Cabezal desbrozador DE 92 cm.

Porén existen no expediente orzamentos das seguintes empresas:

- BAYGAR: 6.359,50 € (28/05/2014).
- Comercial Sánchez: 14.800,11 € (27/05/2014).
- MACOVA:
  - 5.123,14 € (21/03/2014).
  - 6.028,93 € (21/03/2014).
  - 6.404,96 € (21/03/2014)

Resolución subvención

	<b>16.851,22</b>
<b>Orzamento total</b>	<b>€</b>
Orzamento Gastos de funcionamento	7.000,00 €
Orzamento Inversións	9.851,22 €
	<b>11.795,99</b>
<b>Importe total da subvención</b>	<b>€</b>
Importe subvención gastos de funcionamento	4.900,14 €
Importe subvención para inversións	6.895,85 €
<b>Porcentaxe de financiamento</b>	<b>70,00%</b>

Solicitude

Descrición das accións

- Limpeza de áreas recreativas, zonas verdes, sendeiros.
- Desbroce de camiños, sendeiros, áreas recreativas, beiras do río...
- Localización e erradicación de vertedoiros incontrolados (“Patrullas Verdes”)
- Campañas de sensibilización medioambiental con distintos colectivos: colexios, asociacións, etc (Educación ambiental).

- Vixilancia medioambiental, conservación de montes e defensa de espazos naturais.
- Prevención e extinción de incendios.
- Etc.

#### Orzamento gastos funcionamento

##### **Operario servizos - capataz**

Xaneiro - Xullo 2014 + Paga extra 2.333,40 €

##### **Operario servizos (oficial)**

Xaneiro - Xullo 2014 + Paga extra 2.333,40 €

##### **Operario servizos (oficial)**

Xaneiro - Xullo 2014 + Paga extra 2.333,40 €

##### **Total gastos**

**7.000,20 €**

Subvención

Concello

##### **Gastos total imputado á subvención**

**5.600,16 €**

**1.400,04 €**

Vistas as anotacións do expediente que adxunto, quero saber:

- Cales foron os criterios de selección das empresas, tendo en conta que existen no expediente outros orzamentos e non se lle realizou a oferta?"

O señor alcalde responde que examinado o expediente compróbase que a contratación se fixo correctamente para a adquisición do subministro por importe de 9.851,22 euros.

En canto ós gastos de funcionamento, xustifícanse cos salarios dos laborais fixos: capataz de servizos e dous oficiais por importe de 7.000,20 euros.

As propostas de Baygar, Comercial Sánchez e Macova, foron solicitadas polo departamento de emprego ó inicio da tramitación da solicitude de subvención para ter coñecemento do custo coa finalidade de dispoñer dun importe obxecto da solicitude da subvención dirixida á Xunta de Galicia.

Despois de que chegou a resolución da Xunta de Galicia, e saber con exactitude o importe que se concedía para a compra do subministro, foi cando se mirou en empresas do contorno para tratar de atopar a máquina coas características que se querían, e sobre todo, ó prezo que mais se axustara ó concedido na axuda.

Neste caso, e tratándose dun contrato menor pola contía do subministro, solicitáronse de igual xeito oferta ás tres empresas consultadas, Comercial Sánchez, José Manuel Ruso Bello e Agrícola Salgueiro,SL, tratando de que deste xeito xurdira competitividade e se puidera conseguir o prezo máis económico e sabendo que as 3 dispoñían da mesma máquina.

Polo tanto, para seleccionar as empresas que participaron nesta contratación, aínda que non era preciso a consulta polo prezo do contrato, debeuse a que se quería comprar esa máquina en concreto e coas características estipuladas, pero conseguindo un prezo máis competitivo tendo en conta a subvención concedida.

## **2. Sobre o saneamento no Gafo-Codezo**

Nas últimas semanas estiven mirando o expediente de saneamento no Gafo onde tomei algunhas anotacións: “Convocatoria: Programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de Promoción Económica, durante o ano 2014.

BOP: Martes 20 de maio de 2014.  
 Obxecto: Saneamento en Codeso (lugar do Gafo).  
 Subvención concedida: 9.294,38 €.  
 Coeficiente de financiamento: 1

Datos económicos:

Orzamento: 31.786,52 €.

Descrición das obras.

Continuando coa rede de saneamento municipal contemplase a canalización de 350m. de tubaxe de PVC cos correspondentes pozos de rexistro en calzada, previa excavación de zanja e posterior recheo compactado da mesma.

Contémplase así mesmo a instalación dunha fosa séptica (PRU ou semellante), composta por:

- Arqueta de desbaste.
- Decantador – dixestor.
- Leito bacteriano.
- Recheo de material filtrante.
- Arqueta de rexistro.

Orzamentos parciais.

**SANEAMENTO EN CODESO - LUGAR DE GAFO**

UDS	DESCRIPCIÓN	CANTIDADE	PREZO €	IMPORTE
m	Excavación en zanja	350	8,44 €	2.954,00 €
M3	Recheo e compactación zanja	262,5	4,50 €	1.181,25 €
m	Tubo PVC 200 mm. SN-4	250	18,30 €	4.575,00 €
m	Tubo PVC 160 mm. SN-4	100	6,91 €	691,00 €
uds	Pozo rexistro en calzada	15	387,14 €	5.807,10 €
uds	Fosa Séptica	1	8.650,00 €	8.650,00 €
m	Reposición pavimento asfáltico	350	6,00 €	2.100,00 €
uds	Xestión de residuos	1	311,50 €	311,50 €
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>				<b>26.269,85 €</b>
0,00%	Gastos xerais			0,00 €
0,00%	Beneficio Industrial			0,00 €
<b>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN</b>				<b>26.269,85 €</b>
21,00%	IVE			5.516,67 €
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>				<b>31.786,52 €</b>

Datos relativo á contrata: Por Administración.

Certificado de recepción da obra.

- Data: 18/11/2014.

Xustificación:

- 14/1603 – 28/08/14: Almacenes Redondo: Materiais servidos para a obra de Saneamento en “Gafo – Codeso”: Total: 1.385,83 €.
- 14/1692 – 15/09/14: Excavaciones Soutullo, S.L.: H de martillo de pala mixta e xiratoria para a obra de Saneamento en “Gafo – Codeso”: 1.101,10 €.

**XUSTIFICACIÓN SANEAMENTO EN CODESO -  
LUGAR DE GAFO**

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
EXCAVACIONES SOUTULLO	1.101,10 €
RENDONDO	1.385,83 €
TRABALLADORES	7.908,56 €
<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>	<b>10.395,49 €</b>

Visto isto quixera deixar algunhas cuestións para que as resposten:

- Non existe xustificación do total da obra.
- Existe unha certificación da obra sobre o orzamento que non se corresponde coa realidade. Por exemplo no proxecto hai 15 pozos de rexistro e tan só puidemos contabilizar 9.
- Non coincide a rede proxectada no proxecto, coa rede final realizada.
- Existe unha achega en materiais de Ramsa (Pode verse o letreiro) máis non temos constancia da achega específica.
- Non existe xustificación das facturas salvo as que se xustificaron para a subvención.

O señor alcalde responde que na Xunta de Goberno do 5 de decembro do 2013 acordouse aprobar o proxecto de saneamento en Codeso (Gafo) por importe de 31.786,52 € e solicitar á Deputación Provincial unha subvención.

Posteriormente no BOP número 94 do 20 de maio de 2014, saen publicadas as subvencións concedidas, correspondendo ó concello de Boqueixón 9.294,38 € e sendo este mesmo importe o que se debe xustificar.

Por este motivo, no seu momento xustificárase (porque aínda non finalizou o prazo) a subvención concedida coas facturas dos materiais ou servizos subministrados para a execución da obra de saneamento en Codeso (Gafo), como por exemplo, a de almacenes Redondo (1.385,83 €) e Excavacións Soutullo (1.101,10 €).

Así mesmo, xustificárase cos salarios do persoal contratado que participa na súa execución, e todo isto porque a execución do proxecto levouse a cabo pola administración.

### 3. Sobre SOGAMA

O pasado 10 de novembro rexistrábase unha comunicación de SOGAMA onde se informaba dunha rebaixa no prezo do tratamento dos residuos, pero aínda así, moi superior ao que se pagaba no 2013.

No ano 2013 tiñamos presentado unha moción que se descafeinou a instancias do PP, onde faciamos referencia a esta problemática.

Dende aquela a FEGAMP, organizacións políticas e algunhas forzas políticas no Parlamento, descubriron que as contas de 2013, onde SOGAMA xustificaba a suba do Canon, eran claramente falsas (existen informes que se amosaron no Parlamento).

Houbo traballo na FEGAMP, así como diversos concellos que tomaron unha iniciativa clara en contra desta inxustificada suba.

Porén, dende Boqueixón, non temos información que se fixera nada, o que di pouco do equipo de goberno.

E por iso polo que quixera saber se o concello fixo algo nos últimos anos, se temos algunha información adicional, e en caso positivo, que se poña a disposición dos Concelleiros.

Responde o señor alcalde que é a oposición a que protesta, e que de momento non ten información. Cando dispoña dela, comunicarllo por escrito.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas:

#### ROGOS:

1. Rogo que se rotulen ou se coloquen adhesivos identificativos a todos os coches do concello, petición que xa fixen outra vez e non me foi atendida.
2. Rogo que se instalen cámaras de video-vixilancia en toda a casa consistorial e dependencias anexas, posto que son espazos públicos, e así evitaremos roubos. Coma os do gasóleo, que non denunciou o señor alcalde.
3. Rogo que se repoña de forma urxente a tapa dunha arqueta de 40x40 cmts. aproximadamente, situada na ponte románica de Ledesma, correspondente o alumeadado público por risco de electrocución elevado e de caída de peóns.
4. Rogo que se faga unha petición á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Obras, para que verifique si o arranxo da estrada de Rodiño a Aríns deuse por rematado, xa que están a aparecer numerosas fochas e aínda non pasaron dous meses da reparación.

#### PREGUNTAS

1. ¿Por qué se certificou e se pagou a senda peonil de Villalapaz, a pesares de que no pasado pleno eu manifestei que a devandita beirarrúa estaba partida e o señor alcalde manifestou que coñecía a rotura mencionada e a día de hoxe segue sen arranxar, nin hai ningunha denuncia feita sobre esta rotura?

O señor alcalde responde que cando o director de obra veu a certificar a obra, estaba ben. De tódolos xeitos ten unha garantía. Vaise arranxar en breve.

O señor Canabal di que é unha boa pregunta e o alcalde di que si se certificou é porque estaba ben aínda que despois se deteriorara.

O señor Barcala reitera que antes de certificar hai que ver que estean correctamente

2. ¿Qué pasa ca empresa de informática Máster de Arzúa que asinou co concello de Boqueixón o 10 de setembro de 2014 un convenio para usar un local no centro socio cultural de Sergude, para impartir clases de informática desde o 12 de setembro de 2014 ata o 15 de maio de 2015, debendo pagar por adiantado ó concello 10 €/día e aínda non pagou nada e ademais estivo utilizando outro local da casa da cultura de Camporrapado desde fai bastante tempo para o mesmo fin, sen tampouco por suposto pagar un euro polo uso deste local. E que pasa co gasto de electricidade desta actividade, tamén paga o concello, coma cando se fixeron as obras de acondicionamento do tanatorio.?

Responde o señor alcalde que con data 21 de novembro de 2014 deste ano remitíuselle un escrito para que deixen libre o local, e expliquen as circunstancias que motivaron a ocupación e por suposto que deberán aboar as taxas devengadas.

3. ¿Na obra da senda peonil de A Corna, fáiselle un seguimento por parte dos técnicos do concello ou da empresa redactora do proxecto? Eu estiven vendo que hai máis de 100 metros sen unha sola arqueta de rexistro necesarias para podelas limpar cando se obstrúan. E ademais no firme que se tiña que botar antes do formigón tiña que levar zahorra compactada e a cantidade que lle botaron é ínfima, co cal xa veremos o que tardan en romper coma as de Villalapa.

Respóndelle o señor alcalde que os metros totais da senda peonil ascenden a 580, e o número de sumidoiros son 17, coas correspondentes arquetas. Polo tanto, hai un sumidoiro con arqueta cada 35 metros aproximadamente.

En canto á zahorra, o motivo polo cal non se botou foi que coa choiva quedou totalmente embarrada e por isto, optouse por botar xabre. Todo elo de acordo coa dirección de obra.

4. Sanción de 5.000,00 € de Augas de Galicia, por vertidos de augas residuais ó regato Tilleira, con data 14/11/2014. Este vertido xa foi comunicado ó concello de Boqueixón o 19/08/2014 por parte de Augas de Galicia, por verter ó mencionado regato graxas e aceites. Dispoñían dun prazo de 15 días para facer alegacións, que non fixeron, e agora ven esta sanción. Compre subliñar que hai outras depuradoras que están nunha situación lamentable coma a de Pousada, cun cheiro insoportable, cousa que tamén ocorre na rede de sumidoiros entre as casas de Ledesma, según me manifestaron algúns veciños e eu puiden comprobar.

Responde o señor alcalde que se lle solicitou informe a Espina&Delfín e estase a elaborar unha alegación para presentar no prazo concedido por Augas de Galicia.

En canto ás demais depuradoras, faranse as comprobacións necesarias para solventar esas deficiencias, no seu caso.

5. ¿Cómo está o asunto das liñas de ADSL, das distintas parroquias do concello e sobre todo a de Lestedo que é a máis afectada? Fíxolle vostede un seguimento a este asunto vital para o desenrolo económico e comercial. Visitou, falou ou pediu vostede algunha reunión cos responsables oficiais desta materia?

Responde o señor alcalde: “xa falei cun responsable do correspondente departamento de telefónica e quedou de vir esta semana. Cando teña máis información contestareille por escrito.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Alcalde